- 7.- A nota final do módulo será a media ponderada das avaliacións anteriores, sempre que foran superadas con un 5 coma mínimo.
- 8.- Se un alumno/a non se presenta a un exame, só terá dereito á repetición do exame aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

Considéranse causas xustificadas da non asistencia a un exame as seguintes:

- a) Enfermidade grave ou hospitalización que impida fisicamente a asistencia ou realización do exame.
  - b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
  - c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
  - d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida
- 9.- Sancionárase coa cualificación de 1 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas ou traballos porque copiara ou realizara condutas similares.

A superación dos exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nunha proba, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citada proba, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación.

O profesor tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O/a alumno/a que non supere algunha unidade didáctica terá un exame final de recuperación das unidades didácticas non superadas e celebrarase no mes de xuño nas datas que estableza o centro. O/a alumno/a conservará a nota das unidades didácticas que teña aprobadas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas.

A nota deste exame será a nota da unidade didáctica recuperada e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10.  
A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O artigo 25 da devandita Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial recolle que a avaliación realizarase ao logo de todo o proceso formativo do alumnado, tendo, en consecuencia, un carácter continuo, polo que obriga a asistencia regular do alumnado ás clases e demais actividades lectivas programadas. O mesmo artigo establece un máximo do 10% de faltas como umbral para a perda do dereito á avaliación continua do alumnado. A efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser avaliado por unidades didácticas nin avaliacións trimestrais parciais. Si terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A proba extraordinaria de avaliación, será de carácter obxectivo: sobre toda a programación do módulo. Para estes alumnos a nota final, formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva e deberá ser 5 ou superior para superalo módulo (expresada con números enteiros, redondeada a unidade máis próxima).

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao profesor, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O profesor provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

A presente programación avaliarase, tamén, mediante o procedemento establecido pola consellería co seguimento mensual na aplicación e o cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitidas pola mesma, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Memoria de fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o profesor realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, coincidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Tamén se consultará co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades co alumnado respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno, en particular, e ao grupo, en xeral; concretamente, a información persoal, ocupacional, os intereses, as expectativas, limitacións, etc., que cambiarán ao longo do curso e permitirán á profesora reorientar a programación. Trátase de información que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

- Informes do Departamento de Orientación.
- Observación do alumnado nos primeiros días de clase.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

En Galicia regúlase a atención á diversidade do alumnado a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

- Situar ao alumnado con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.
- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe específicas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.
- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia.
- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o/a alumno/a. Por exemplo, axudas visuais, axudas persoais (compañeiros, profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).
- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia.
- Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da aula e nos exercicios que se van realizar, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

- Esfuerzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Igualdade de oportunidades
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos
- Coidado e utilización dos bens comúns
- Fomento da cultura galega
- Respecto ao medio ambiente

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Si é posible farase algunha charla-coloquio sobre materias do módulo

## 10. Outros apartados

### 10.1) ESCENARIO PRESENCIALIDAD 100%

Este módulo conta cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES ESCOLAS PROVAL, na categoría de ADMINISTRACIÓN E FINANZAS. O alumnado poderase automaticular mediante unha chave que lle será dada nas primeiras sesións do curso.



O curso deste módulo na aula virtual está organizado por unidades didácticas que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e poderán contar con ligazóns, ficheiros, tarefas, foros de dúbidas, etc., en coherencia coa programación.

Mentres se poida manter a metodoloxía de ensino presencial recollida nesta programación poderase empregar a aula virtual como un entreno no seu uso e así facilitar o tránsito a un sistema a distancia posible.

## 10.2) ESCENARIO DE CONFINAMENTO TEMPORAL DO GRUPO

En caso de que as circunstancias impongan docencia semipresencial ou reducida, usarase como vehículo de formación a mesma aula virtual que se está a usar na ensinanza presencial en combinación cos sistemas de videoconferencia e/ou correo electrónico.

Nas sesións presenciais impartiranse os contidos novos e se realizarán as probas avaliábeis. Cambiaranse as datas se é preciso para adaptarse as condicións do momento

Na aula virtual indícase a metodoloxía a seguir, prazos de entrega dos traballos se os houber e criterios de avaliacións se tivesen que ser modificados.

Estarase as indicacións da consellería. En caso de que non haxa nada en contra o profesorado seguirá este esquema de traballo utilizando a aula virtual como medio de comunicación co seu alumnado.

Independentemente da duración da ensinanza a distancia a metodoloxía será a mesma. Utilizarase a Aula virtual como medio de comunicación co alumnado, entrega de traballos e lugar onde realizar as probas avaliábeis. Abrirase un foro de dúbidas onde o alumnado comunicábase entre si e co profesorado.

Se é necesario impartir materia que non foi tratada de modo presencial o profesorado empregará as clases a través de videoconferencias e/ou correo electrónico, xunto coa subida do seguinte material a súa aula:

-Guión de traballo

- Pequenos vídeos explicativos da materia de 5 a 15 minutos de duración.
- Exercicios e solucións para traballar a nova materia

En caso de que o alumnado teña que ser avaliado a distancia, nas probas manteranse, dentro do posible, as porcentaxes expostas no punto 5 e, de non ser posible, comunicábase ao alumnado a través da aula virtual e ou correo electrónico as novas ponderacións. Estas probas terán as seguintes condicións:

- A realización das mesmas coincidirá co horario das clases presenciais ou do horario espello se fose de aplicación.

-Serán nun día e nunhas horas prefixadas polo profesorado. Esta información será comunicada como mínimo unha semana antes da proba a través da aula virtual. O non realizalas nesa data e tempo fixado será considerado como un ¿non presentado¿ e seguiranse os criterios de cualificación expostos no punto 5.

- Poderán consistir en: probas teóricas tipo test, de resposta curta ou similares a través da aula virtual e/ou resolución de exercicios subidos polo alumnado a aula virtual en formato pdf e/ou probas a través de pantallazos ou similares da realización dos correspondentes exercicios en programas específicos da materia.

-Se o profesorado o considerase oportuno, para que o alumnado acade os obxectivos do curso, poderá encargarlles tarefas adicionais que será necesario entregar pola aula virtual. Estas tarefas, o mesmo que o

resto das probas, terán un prazo de tempo concreto para a súa execución e entrega, dos que será informado o alumnado por medio da aula virtual. A valoración das distintas tarefas non excederá do 15% do total da nota da avaliación que se estea a avaliar. Neste caso comunicárase tamén a ponderación das restantes probas avaliábeis.

En calquera caso, a realización de probas avaliábeis de maneira presencial, se fosen posibles, será sempre o sistema de avaliación aplicable en primeiro lugar.

Comunicáranse a través da Aula Virtual os prazos de entrega de traballos, criterios de avaliación e sistema de recuperación se houbera que cambialos con respecto da programación ordinaria.

A non asistencia as clases virtuais, se as houbera, nun 10% do tempo de duración das mesmas e/ou a falta de entrega das posibles tarefas, se as houbera, nun 10% no número das mesmas e/ou a falta de conexión na aula virtual por un tempo similar o 10% das horas lectivas correspondentes as horas de clase, segundo o horario espello, será tido en conta para a apertura do expediente de perda de avaliación continua.

En todo caso estarase a disposición das normas do Ministerio e da Consellería de educación.

### 10.3) 3 ESCENARIO DE CONFINAMENTO TEMPORAL DUN OU VARIOS ALUMNOS

Farase uso da Aula Virtual e pódese combinar con correos electrónicos.

Para cada unidade didáctica se indicará a metodoloxía a empregar, os contidos a impartir, o sistema na resolución de dúbidas, as tarefas cos seus prazos e forma de entrega, a súa cualificación si a tivese, e o método de recuperación, en consonancia coa programación.

As tarefas e actividades propostas ao alumnado ausente poderán ser distintas as configuradas na programación para explicacións teóricas da persoa docente, e o seu seguimento poder ser polo foro de dúbidas e/ou grupo correos electrónicos

Tratarase de organizar, si é posible, de maneira que as sesións presenciais se poidan empregar para a explicación de contidos e a realización de probas ou exames; se non fose posible empregarase o guión de traballo exposto no apartado 10.2. de confinamento temporal de grupo.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0649	Ofimática e proceso da información	2023/2024	9	240	287
MP0649_13	Operatoria de teclados	2023/2024	9	52	62
MP0649_23	Aplicacións informáticas de xestión	2023/2024	9	135	162
MP0649_33	Multimedia	2023/2024	9	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROI LÓPEZ MATO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio administrativo ás tarefas que se leven a cabo na empresa, polo que se refire ás súas obrigas fiscais e á súa relación con organismos públicos.

Esta función abrangue os seguintes aspectos:

- Apoio administrativo na elaboración de documentos referidos á fiscalidade da empresa.
- Apoio administrativo na relación da empresa cos organismos públicos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse nas seguintes funcións:

- As desenvolvidas nas empresas canto á documentación comercial e fiscal, e nas relacións coa Administración.
- As desenvolvidas en empresas de servizos de asesoría en relación ao apoio administrativo da xestión documental de impostos, permisos e trámites.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), m), q), r), s), t) e u) do ciclo formativo, e as competencias a), m), ñ), o) e p) e poden consultarse de xeito detallado na páxina <https://www.edu.xunta.es/fp/familias-profesionais?familia=ADG&grao=M>

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo de fontes de información sobre o coñecemento dos tipos de empresas e as administracións con que se relacionan.
- Identificación da normativa fiscal das operacións comerciais e contables que afecten a empresa.

O sector produtivo da zona do Val Miñor (Nigrán, Baiona e Gondomar), está formado fundamentalmente por PEMES, nas que se realizan tarefas de xestión administrativa, polo que o currículo adecúase as características e necesidades das empresas. Isto ofrece posibilidades para a incorporación futura ao mercado laboral da contorna, considerando ademais as opcións que cidades como Vigo ofrecen ao alumnado que obteña o título de "Técnica/o en xestión administrativa". Neste sentido, o alumnado constatará a realidade das opcións que ofrece o mercado laboral na realización das FCT.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
						MP0649_23				MP0649_33				
						RA 1	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Operatoria de teclados	Teclados. elaboración de textos empregando os 10 dedos sen mirar ao teclado	62	22	X									
2	Mantenemento de equipos, aplicacións e redes	Informática básica. Partes dun ordenador e manexo do sistema operativo.	10	5		X								
3	Folla de cálculo	Traballo cunha forlla de cálculo	48	17			X							
4	Procesador de textos	Elaboración de textos mediante un programa informático	48	17				X						
5	Bases de datos	Traballo cunha aplicación de bases de datos	48	17					X					
6	Xestión de ficheiros e busca de información en Internet	Traballo con ficheiros de distintas aplicacións e navegación en Internet	20	7						X				
7	Presentación e arquivos	Realización de presentacións empregando texto, imaxes, son e vídeo	33	11							X			X
8	Correo e axenda electrónica	Xestión de correo e axenda electrónica	18	4								X		
			Total:	287										

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados	62

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.	SI



#### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Organizar o espazo de traballo, obter a posición corporal correcta e identificar a posición dos dedos no teclado	1	Obtención da posición correcta ante o teclado	1,0
2.1 Utilizar as distintas filas do teclado ao tacto normal ao tacto	2	Aprendizaxe do teclado ao tacto	20,0
3.1 Realizar textos en linguas propias e estranxeiras	3	Realización de textos en diversas linguas	20,0
4.1 Controlar a velocidade e precisión (mínimo 350 ppm e un erro por minuto)	4	Exercicios de velocidade	16,0
5.1 Correxir erros e aplicar normas de presentación	5	Presentación de documentos e corrección de erros	5,0
<b>TOTAL</b>			<b>62</b>

#### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.	• TO.1	N	1
CA1.2 Mantívose a posición corporal correcta.	• TO.2	N	1
CA1.3 Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.	• TO.3	S	5
CA1.4 Precisáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.	• LC.1	S	5
CA1.5 Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.	• LC.2	S	5
CA1.6 Utilizouse o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.	• LC.3	S	10
CA1.7 Utilizouse o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.	• LC.4	S	20
CA1.8 Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.	• PE.1	S	50

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.4</li> </ul>	N	1
CA1.10 Localizáronse e corríxíronse os erros mecanográficos, ortográficos e sintácticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.5</li> </ul>	N	2
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Postura corporal ante o terminal.</p> <p>Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático.</p> <p>Colocación dos dedos.</p> <p>Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto: Escritura de palabras simples. Escritura de palabras de dificultade progresiva. Maiúsculas, numeración e signos de puntuación. Copia de textos con velocidade controlada. Escritura de textos nos idiomas propios e en idiomas estranxeiros</p> <p>Corrección de erros.</p>

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Obtención da posición correcta ante o teclado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación da importancia dunha posición correcta ante o teclado.</li> <li>• Explicación da colocación dos dedos no teclado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colocarse na posición correcta ante o teclado.</li> <li>• Colocar adecuadamente os dedos no teclado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a importancia dunha postura correcta ante o teclado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemas de colocación dos dedos ante o teclado.</li> <li>• Software mecanografía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> </ul>	1,0
Aprendizaxe do teclado ao tacto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación da utilización do programa de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar exercicios no programa de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a necesidade dunha correcta colocación dos dedos para mellorar as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programa de aprendizaxe mecanográfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> </ul>	20,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
			prestacións ante o teclado.		• LC.2	
Realización de textos en diversas linguas	• Presentación de diferentes textos en diversas linguas	• Realizar textos en diferentes linguas.	• Textos escritos en diferentes idiomas con precisión.	• Textos en diferentes idiomas. Software de tratamento de textos.	• LC.3 • LC.4	20,0
Exercicios de velocidade	• Presentación de exercicios de velocidade.	• Realizar exercicios de velocidade.	• Textos escritos con rapidez (mínimo 350 ppm.)	• Programa de aprendizaxe mecanográfica. • Textos para realizar probas de velocidade.	• PE.1	16,0
Presentación de documentos e corrección de erros	• Explicación da forma de presentar un documento e da corrección dos erros.	• Obter textos correctamente presentados e corrixir erros.	• Textos correctamente presentados e sen erros	• Software de tratamento de textos.	• LC.5 • TO.4	5,0
<b>TOTAL</b>						<b>62,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Mantenemento de equipos, aplicacións e redes	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén en condicións óptimas de funcionamento os equipamentos, as aplicacións e a rede, instalando e actualizando os compoñentes de hardware e software necesarios.	SI



**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Realizar probas de funcionamento dos equipos e das conexións. 1.2 Identificar os elementos dun sistema de redes.	1	Hardware e Software	4,0
2.1 Distinguir as funcións básicas dos distintos sistemas operativos na xestión de ficheiros, carafoles e redes.	2	Funcións básicas dos distintos sistemas operativos	2,0
3.1 Aplicar medidas de seguridade con programas tornalumes e antivirus.	3	Antivirus e tornalumes	2,0
4.1 Identificar o proceso de instalación e actualización de software.	4	Instalación e actualización de software.	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Realizáronse probas de funcionamento dos equipamentos informáticos.	• TO.1	N	5
CA1.2 Comprobáronse as conexións dos portos de comunicación.	• LC.1	N	5
CA1.3 Identificáronse os elementos básicos (de hardware e software) dun sistema en rede.	• PE.1	S	25
CA1.4 Caracterizáronse os procedementos xerais de operacións nun sistema de rede.	• PE.2	S	20
CA1.5 Utilizáronse as funcións básicas do sistema operativo.	• PE.3	S	20
CA1.6 Aplicáronse medidas de seguridade e confidencialidade, identificando o programa tornalumes e o antivirus.	• LC.2	N	5
CA1.7 Compartiuse información con outros usuarios da rede.	• LC.3	N	5
CA1.8 Executáronse funcións básicas de usuario (conexión, desconexión, óptimo aproveitamento do espazo de almacenamento, utilización de periféricos, comunicación con outros usuarios, conexión con outros sistemas ou redes, etc.).	• LC.4	N	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.9 Identifícanse e establecéronse as fases do proceso de instalación e actualización.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4</li> </ul>	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Elementos de hardware.</p> <p>Periféricos de entrada: teclados, escáner, etc.</p> <p>Elementos de software: Programas para o procesamento da información (recoñecemento de voz). Software libre e software propietario.</p> <p>Sistemas operativos: funcións básicas.</p> <p>Redes locais: compoñentes, configuracións principais, compartición e actualización de recursos.</p> <p>Descarga, instalación, configuración e actualización de aplicacións, programas e utilidades a través de soportes físicos e da rede.</p>

#### 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Hardware e Software	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos distintos elementos do software, hardware e periféricos.</li> <li>Explicación da diferenza entre software libre e propietario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda en Internet de información básica</li> <li>Comparativa entre as características de distintos modelos de ordenadores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquema cos distintos elementos de Hardware, Software e periféricos.</li> <li>Traballo sobre o softwar libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático e conexión a Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> </ul>	4,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.1</li> </ul>	
Funcións básicas dos distintos sistemas operativos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación das características fundamentais e utilidades dos sistemas operativos.</li> <li>• Explicación da organización de ficheiros e cartafoles, e outras funcións básicas do S.O.</li> <li>• Explicación da maneira de compartir arquivos ou cartafoles en ordenadores conectados en rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de ficheiros e cartafoles.</li> <li>• Compartir arquivos e cartafoles en rede.</li> <li>• Realizar outras tarefas co S. O. Configuración do escritorio, iconas, barra de tarefas, procura de arquivos, copiado e eliminación de arquivos. Papeleira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de cartafoles e arquivos.</li> <li>• Compartir cartafoles e arquivos.</li> <li>• Eliminar cartafoles e arquivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e conexión en rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• PE.3</li> </ul>	2,0
Antivirus e tomalumes	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación da importancia da seguridade dos sistemas informáticos.</li> <li>• Análise dos distintos antivirus coa axuda de Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Búsqueda de información sobre antivirus en Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquema con distintos antivirus.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e conexión a Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2</li> <li>• PE.3</li> </ul>	2,0
Instalación e actualización de software.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación dos requisitos de software e hardware para a instalación de aplicación.</li> <li>• Explicación dos pasos do proceso de instalación dun programa.</li> <li>• Explicación das distintas posibilidades de configuración das aplicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar a descarga e instalación de aplicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicacións instaladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos con conexión a Internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.4</li> <li>• PE.4</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Folla de cálculo	48

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora follas de cálculo adaptadas ás necesidades que se presenten no tratamento da información, aplicando as opcións avanzadas.	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Deseñar follas de cálculo	1	Operacións básicas dunha folla de cálculo	4,0
2.1 Aplicar fórmulas e funcións e relacionar distintas follas.	2	Utilización de fórmulas e funcións	20,0
3.1 Crear follas de cálculo como apoio as tarefas administrativas.	3	Creación de follas de cálculo para realizar tarefas administrativas. control de tesourería, préstamos etc.	10,0
4.1 Crear gráficos e introducir texto e imaxes.	4	Creación de gráficos e inatrodución de textos e imaxenes.	7,0
5.1 Empregar macros para documentos e patróns.	5	Realización de macros.	1,0
6.1 Utilizar a folla de cálculo como base de datos, crear formularios.	6	Utilización de follas de cálculo como base de datos e creación de formularios.	4,0
7.1 Imprimir, exportar e importat de follas de cálculo.	7	Impresión, exportación e importación de follas de cálculo.	1,0
8.1 Traballar en grupo comprindo as normas de seguridade e integridade da información.	8	Traballo en grupo.	1,0
<b>TOTAL</b>			<b>48</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Utilizáronse as prestacións da folla de cálculo para realizar xestións de tesouraría, cálculos comerciais e outras operacións administrativas.	• LC.1	S	10
CA2.2 Deseñáronse e elaboráronse documentos coa folla de cálculo.	• LC.2	S	15
CA2.3 Relacionáronse e actualizáronse follas de cálculo.	• LC.3	N	5

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Creáronse e aniñáronse fórmulas e funcións.	• LC.4	S	15
CA2.5 Establecéronse contrasinais para protexer celas, follas e libros.	• LC.5	S	5
CA2.6 Obtivéronse gráficos para a análise da información.	• LC.6	S	15
CA2.7 Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.	• TO.1	N	5
CA2.8 Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e outros formatos.	• LC.7	N	10
CA2.9 Utilizouse a folia de cálculo como base de datos (formularios, creación de listas, filtraxe, e protección e ordenación de datos).	• LC.8	S	10
CA2.10 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes.	• TO.2	N	5
CA2.11 Utilizáronse as opcións de traballo en grupo.	• TO.3	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Estrutura e funcións. Impresión de follas de cálculo. Relacións con outras aplicacións: importación e exportación. Utilización de opcións de traballo en grupo, control de versións, verificación de cambios, etc. Instalación e carga de follas de cálculo. Deseño. Edición de follas de cálculo. Gráficos. Tratamento de datos.

Contidos
Outras utilidades.  Xestión de arquivos.  Automatización de procesos nas follas de cálculo. Macros.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Operacións básicas dunha folla de cálculo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación do entorno de traballo dunha folla de cálculo e introducción dos distintos tipos de datos.</li> <li>Explicación da utilización de formato de celda, bordes, sombreados e estilos e formatos condicionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Abrir, cerrar e gardar follas de cálculo.</li> <li>Realizar exercicios introducindo distintos tipos de datos (operación de copiado, autoenchido eseries).</li> <li>Dar formatos a folla de cálculo empregando bordes, sombreados e formatos condicionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libros on distintas follas de cálculo creadas e gardadas.</li> <li>Follas de cálculo con distintos tipos de datos, formatos e estilos de celdas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos informáticos con follas de cálculo e conexión en rede.</li> <li>Exercicios propostos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2</li> </ul>	4,0
Utilización de fórmulas e funcións	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de como realizar operación con datos e follas distintas.</li> <li>Explicación do concepto de referencia absoluta e relativa.</li> <li>Explicación das función matemáticas, estadísticas, de fecha, lóxicas, e búsqueda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Operacións de unións de datos de texto e operacións matemáticas.</li> <li>Realizar formulas empregando referencias relativas e absolutas.</li> <li>Realizar exercicios con funcións matemáticas, lóxicas, estadísticas, de búsqueda e de fecha.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios resoltos con fórmulas e funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conetado en rede</li> <li>Exercicios propostos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.4</li> </ul>	20,0
Creación de follas de cálculo para realizar tarefas administrativas. control de tesourería, préstamos etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da realización de distintos documentos de apoio ao traballo administrativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diseñar follas de cálculo para o control de caixa, táboas de amortización de inmovilizado e financeiro, e control de existencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Follas de cálculo para o control de contas correntes, tesourería, táboas de amortización do inmovilizado, e financeiro e contro de existencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con follas de cálculo conectedo en rede.</li> <li>Exercicios propos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>LC.3</li> </ul>	10,0
Creación de gráficos e inatrodución de textos e imaxenes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos distintos tipos de gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crear distintos tipos de gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Follas de dalcúlo con distintos tipos de gráficos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conectedo en rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.6</li> </ul>	7,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación do proceso de creación e modificación dos gráficos. Ferramentas de edición dos gráficos.</li> <li>Explicación para introducir textos e imaxes nunha folla de cálculo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Modificar os gráficos utilizando as ferramentas de autoedición.</li> <li>Insertar imaxes, textos e outros obxectos nunha folla de cálculo.</li> </ul>	imaxes, textos e outros obxectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios propostos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2</li> </ul>	
Realización de macros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da utilidade e realización de macros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicar macros as follas de cálculo creadas nos exercicios anteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Macros nas follas de cálculo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conectado en rede.</li> <li>Exercicios propostos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1</li> </ul>	1,0
Utilización de follas de cálculo como base de datos e creación de formularios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da folla de cálculo como base de datos para filtrar.</li> <li>Explicación da función de validación de datos e do emprego de listas de validación.</li> <li>Explicación para o emprego de controles de formulario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crear listas de datos e aplicar filtros.</li> <li>Crear listas de validación.</li> <li>Creación de formularios con controles (cadros combinados, botóns de opción, etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Follas de cálculo con datos filtrados, listaxes e formularios, e listas de validación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conectado en rede.</li> <li>Exercicios propostos pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.8</li> </ul>	4,0
Impresión, exportación e importación de follas de cálculo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de cómo importar e exportar follas de cálculo.</li> <li>Explicación da creación de áreas de impresión, configuración de páxina e obtención de títulos nas follas de cálculo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Importar e exportar datos desde outras aplicacións.</li> <li>Imprimir follas de cálculo con títulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Follas de cálculo con datos importados desde outras aplicacións.</li> <li>Follas de cálculo configuradas para impresión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conectado en rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.7</li> </ul>	1,0
Traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da forma de compartir datos para o traballo en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Follas de cálculo con aportacións dos distintos membros do grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con folla de cálculo conectado en rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.5</li> <li>TO.3</li> </ul>	1,0
<b>TOTAL</b>						<b>48,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Procesador de textos	48

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos de textos, utilizando as opcións avanzadas dun procesador de textos.	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a interface e as funcións básicas dos procesadores de textos e da auto edición.	1	Funcions básicas. Formatos de fonte, parágrafo e páxina	5,0
2.1 Identificar as características dun documento e redactalos coa destreza adecuada, aplicando as normas de estrutura.	2	Estructura dun documento: Seccións, estilos, encabezados e táboas de contidos.	14,0
3.1 Integrar obxectos, gráficos, follas de cálculo, táboas, hiperligazóns, etc.	3	Inserción de obxetos nun texto: táboas, imaxes, hipervinculos, etc.	14,0
4.1 Confeccionar patróns adaptados e combinar documentos	4	Realización de patróns, fromularios e combinación de documentos	8,0
5.1 Detectar e corrixir os erros cometidos.	5	Empregar as ferramentas de corrección ortográfica e de autocorrección.	2,0
6.1 Gardar e recuperar información	6	Realización de accións para gardar, recuperar información, traballar en grupo e prtexer os documentos.	5,0
6.2 Traballar en grupo			
6.3 Establecer criterios de seguridade			
<b>TOTAL</b>			<b>48</b>



**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Utilizáronse funcións, prestacións e procedementos dos procesadores de textos e autoedición.	• TO.1	N	5
CA3.2 Identificáronse as características de cada tipo de documento.	• LC.1	N	5
CA3.3 Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada e aplicando as normas de estrutura.	• LC.2	S	20
CA3.4 Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo, incluíndo utilidades de combinación.	• PE.1	S	25
CA3.5 Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.	• PE.2	S	20
CA3.6 Detectáronse e corríronse os erros cometidos.	• LC.3	N	10
CA3.7 Recuperouse e utilizouse a información almacenada.	• PE.3	S	10
CA3.8 Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.	• LC.4	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Estrutura e funcións.  Traballo en grupo: comparar documentos, versións de documento, verificar cambios, etc.  Opcións avanzadas: Automatización de procesos: macros. Recoñecemento óptico de caracteres. Utilización de software e hardware para introducir textos e imaxes.  Instalación e carga.  Deseño de documentos e patróns.  Edición de textos e táboas.  Verificación ortográfica.

Contidos
Combinación de documentos.  Xestión de ficheiros.  Impresión de textos.  Relacións con outras aplicacións: importación e exportación; conversión a PDF.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Funcions básicas. Formatos de fonte, parágrafo e páxina	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación dos distintos xeitos de selección, copiado e borrado de texto.</li> <li>• Explicación dos distintos formatos de carácter e de parágrafo.</li> <li>• Explicación da utilización de formato de viñetas, numeración e esquema numerado.</li> <li>• Explicación da utilización de bordes, sombreados e tabuladores.</li> <li>• Explicación sobre tamaño e orientación de papel, modificación de marxes e creación dun texto en columnas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Copiar un texto e realizar as funcións de selección, copiado, desprazamento e borrado.</li> <li>• Copiar un texto e empregar as funcións de dar formato de carácter e de parágrafos</li> <li>• Copiar textos e empregar as funcións de numeración, viñetas e esquemas numerados.</li> <li>• Copiar textos e empregar as funcións bordes e sombreados, e tabuladores.</li> <li>• Copiar textos e modificar as marxes, a orientación da páxina, establecer textos en columnas, e poner bordes de páxina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Documentos onde se realizaron funcións de selección, copiado e borrado.</li> <li>• Documentos onde se realizaron funcións de formato de carácter, de parágrafo, numeración viñetas, listas multinivel, bordes, sobreados e tabulacións.</li> <li>• Documentos con texto en columnas, orientación de páxina horizontal e modificación das marxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicacións informática de tramento de texto.</li> <li>• Textos con instrucións das tarefas a realizar. Documentos con distintos formatos de fonte e parágrafo, listas numeradas e textos tabulados con instrucións das tarefas a realizar.</li> <li>• Fotocopias con textos para practicar o formato en columnas, os bordes de páxina e a modificación da orientación e as marxes de páxina...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• TO.1</li> </ul>	5,0
Estructura dun documento: Seccións, estilos, encabezados e táboas de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación sobre a utilidade de crear sección nun documento.</li> <li>• Explicación sobre a creación de encabezados e pes de páxina.</li> <li>• Explicación sobre o emprego dos estilos predefinidos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de índices e táboas de contidos.</li> <li>• Crear sección, encabezados e pés de páxina diferentes nun documento.</li> <li>• Copiar textos empregando os estilos predefinidos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Documentos con encabezados e pés de páxina diferentes, nos que se aplicaron estilos diferentes e táboas de contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación informática de tratamento de textos.</li> <li>• Textos con instrución das tarefas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2</li> </ul>	14,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
